

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 27 de xaneiro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoito anos, nas convocatorias de xuño e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.

A Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoito anos foi modificada parcialmente pola Orde do 10 de febreiro de 2012 e prevé, no seu artigo 5.1, que a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocará as citadas probas nunha ou máis convocatorias de forma ordinaria e, no número 2, que establecerá as datas de matrícula e celebración, así como os centros en que se van realizar.

En consecuencia, e ao abeiro da autorización que figura na disposición derradeira primeira da orde de referencia,

RESOLVO:

Convocar as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria no ano 2017, conforme se dispón nas epígrafes seguintes:

Primeira. Condicións das persoas aspirantes

Poderán participar nestas probas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Teren feitos os dezaoito anos o día anterior á data de realización da proba.
2. Non estaren en posesión do título de graduado en educación secundaria.
3. Non estaren nin teren estado matriculadas no curso 2016/17 nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria nin nas de formación profesional básica.



4. O alumnado matriculado durante o curso 2016/17 na educación secundaria para persoas adultas poderá inscribirse nas probas se previamente cumpre as seguintes condicións:

4.1. Para acudir á primeira convocatoria, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanza do segundo cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

4.2. Para inscribirse na segunda convocatoria, o alumnado con ámbitos suspensos no segundo cuadrimestre ten que renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

O incumprimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria das probas e dos posibles resultados académicos obtidos nelas.

Segunda. Forma, lugar e prazos de presentación

1. Os prazos de matrícula serán:

– Convocatoria de xuño: do 13 de marzo ao 24 de marzo de 2017, ambos os dous incluídos.

– Convocatoria de setembro: do 3 ao 10 de xullo de 2017, ambos os dous incluídos.

As persoas matriculadas para a primeira convocatoria, se non superan a totalidade dos ámbitos da proba, consideraranse matriculadas para a segunda convocatoria sen que teñan que presentar nova documentación.

2. As solicitudes de inscrición deberán presentarse en soporte papel nos centros educativos que se especifican no punto 4 ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado que figura como anexo I dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

3. Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou doutro documento equivalente cando se denegue expresamente a consulta.



b) Copia cotexada, se procede, do certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias ou a certificación académica de ámbitos ou materias superados, de acordo coas especificacións establecidas nos números 2, 3 e 4 da epígrafe décimo primeira desta resolución.

c) Acreditación de proceder doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro no caso de que se solicite a exención de lingua galega.

d) Certificación do ditame de discapacidade no caso de que se solicite o recoñecemento de necesidades especiais, cando esta fose recoñecida por outra Administración distinta da Xunta de Galicia ou se denegue expresamente a consulta.

4. As persoas aspirantes formalizarán a súa inscrición nun dos seguintes centros, que constituirán tribunais para a avaliación das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria:

a) A Coruña:

– Centro EPA Eduardo Pondal, rúa da Educación, 3, 2º andar, 15011 A Coruña.

b) Ferrol:

– Centro EPA Santa María de Caranza, rúa Luis de Requeséns, s/n, 15406 Ferrol.

c) Santiago de Compostela:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra L: IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n, 15705 Santiago de Compostela.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra M e a letra Z: IES Rosalía de Castro, rúa San Clemente, 3, 15705 Santiago de Compostela.

d) Carballo:

– IES Isidro Parga Pondal, rúa Muíño da Pintura, 15100 Carballo.

e) Lugo:

– Centro EPA Albeiros, parque da Milagrosa, s/n, 27003 Lugo.



f) Ourense:

– Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor, 4, 32002 Ourense.

g) Pontevedra:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra F: Centro EPA Río Lérez, avenida de Buenos Aires, 26, 36002 Pontevedra.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra G e a letra O: IES Frei Martín Sarmiento, avenida de Vigo, 23, 36003 Pontevedra.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra P e a letra Z: IES Sánchez Cantón, avenida Raíña Victoria, 36001 Pontevedra.

h) Vigo:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra F: Centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra, 8, 1º, 36202 Vigo.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra G e a letra O: IES Politécnico, rúa de Torrecedeira, 88, 36208 Vigo.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra P e a letra Z: IES Santa Irene, praza de América, 7, 36211 Vigo.

i) O Porriño:

– IES Ribeira do Louro, rúa Ribeira, s/n (Torreiros), 36410 O Porriño.

j) Tui:

– IES Indalecio Pérez Tizón, avenida da Concordia, s/n, 36700 Tui.

k) Vilagarcía de Arousa:

– IES Armando Cotarelo Valledor, rúa Armando Cotarelo Valledor, 4-6, 36611 Vilagarcía de Arousa.



I) Ponteareas:

– IES Val do Tea, rúa Feliciano Barrera, 15, 36860 Ponteareas.

5. Cando nos centros autorizados o número de persoas matriculadas exceda a capacidade dos espazos dispoñibles para realizar a proba, a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que corresponda establecerá o centro ou centros en que os matriculados realizarán a proba.

6. No suposto anterior, o centro en que se formalice a matrícula elaborará listaxes definitivas de admitidos diferenciadas para cada centro no cal deben presentarse para realizar as probas. As listaxes organizaranse seguindo criterios de orde alfabética, por grupos de letras.

7. Para a realización das probas, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá agrupar nun único tribunal os aspirantes inscritos en dous ou máis centros, en caso de que o seu número non xustifique a creación dun tribunal.

Terceira. *Consentimentos e autorizacións*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente datos en poder das administracións públicas. Só no caso de oposición expresa no modelo de solicitude as persoas interesadas deberán achegar os documentos acreditativos correspondentes. No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

2. As solicitudes das persoas interesadas xuntarán os documentos e as informacións determinados na epígrafe 2.3 desta resolución, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante. Neste caso, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na letra d) do artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación



por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á publicación das listas provisionais de persoas admitidas.

Cuarta. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Alumnado cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxeefp@edu.xunta.es

Quinta. Persoas con necesidades educativas especiais

1. As persoas con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade que teñan a declaración legal de discapacidade poderán solicitar a adaptación da proba, así como recursos adicionais para a desenvolver.

2. A xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que poderá delegar no presidente ou na presidenta do tribunal, determinará se procede adoptar medidas ou facilitar recursos adicionais, e informará a persoa interesada e o tribunal correspondente da súa decisión.

Sexta. Exención de lingua galega

1. Durante o período de inscrición, as persoas aspirantes poderán dirixir á dirección do centro a solicitude de exención de lingua galega para que non sexa obxecto de avaliación nesta convocatoria.

2. As persoas solicitantes de exención acreditarán a procedencia doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro, segundo o establecido no artigo 18.1 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia.



3. O director ou a directora do centro onde presente a solicitude, de conformidade co artigo 19 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, resolverá sobre a concesión ou a denegación da exención, fará pública tal circunstancia cando se publiquen as listas provisionais de admitidos e comunicarallo ao presidente ou á presidenta do tribunal que corresponda.

4. Contra a resolución da dirección do centro, cabe interpor recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante o xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sétima. Listas de admitidos e reclamacións

1. No prazo dos quince días posteriores á conclusión do prazo de presentación de solicitudes, os centros publicarán a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, na cal se indicarán os motivos da exclusión. Tamén constarán as exencións da proba de lingua galega.

2. As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles para a reclamación, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista de admitidos. Transcorrido ese prazo, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa (<https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>), que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. O día hábil seguinte ao da publicación da lista definitiva de persoas admitidas, os directores ou directoras dos centros en que se realizou a matrícula deberán comunicar o número de aspirantes que solicitan a realización da proba ao correo electrónico educadultos@edu.xunta.es, do Servizo de Xestión Económica e Educación de Persoas Adultas, pertencente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Tamén deberán comunicalo á respectiva xefatura territorial.

Oitava. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notifica-



cións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No casos de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. *Realización das probas*

1. As probas celebraranse en sesións de mañá e tarde os días 2 de xuño e 7 de setembro para as respectivas convocatorias.

2. Entre as 8.30 e as 9.00 horas iniciarase o chamamento para o acceso aos espazos de realización da proba.

3. A sesión da mañá terá dúas partes: na primeira, das 9.30 horas ás 12.00 horas, realizarase a proba do ámbito científico-tecnolóxico, que inclúe exercicios das materias de



Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía, así como aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo de Educación Física.

Na segunda parte, das 12.15 horas ás 13.15 horas, realizarase a proba do ámbito social, que inclúe exercicios das materias de Xeografía e Historia, Economía, Iniciación á Actividade Emprendedora Empresarial e aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual, e Música.

Na sesión da tarde, das 16.00 horas ás 19.00 horas, realizarase a proba do ámbito da comunicación. Comprenderá os exercicios de:

a) Lingua Galega e Literatura.

a.1) Exercicio de redacción. Na valoración da redacción, terase en conta o xeito de estruturar os datos e os feitos, a coherencia da exposición, o vocabulario empregado, o dominio da ortografía e a presentación do escrito.

a.2) Cuestións de Lingua Galega e Literatura.

b) Lingua Castelá e Literatura.

b.1) Exercicio de redacción. Realizarase conforme ao disposto no punto a.1 para a Lingua Galega e Literatura.

b.2) Cuestións de Lingua Castelá e Literatura.

c) Lingua Estranxeira (inglés ou francés).

4. Seguindo as indicacións do equipo directivo dos centros onde se realizan as probas, o profesorado terá que colaborar nas tarefas de vixilancia dos exames.

Décima. *Normas de realización das probas*

1. Para a realización das probas, as persoas inscritas acreditarán a súa identidade presentando o DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. Non se permitirá o acceso ás persoas que non estean correctamente identificadas.

2. Na proba do ámbito científico-tecnolóxico, o alumnado poderá utilizar as calculadoras científicas habituais non programables.



3. Non se permitirá o uso do teléfono móbil con calquera finalidade nin ningún outro dispositivo electrónico, agás o mencionado no punto anterior.

4. Os aspirantes, unha vez resolta cada proba, que será de respostas pechadas, trasladarán as opcións elixidas a unha folla de respostas. Entregarán esta xunto co protocolo de exame.

Décimo primeira. *Tribunais*

1. Cada tribunal estará constituído por un presidente ou presidenta e catro vogais, designados polo xefe ou xefa territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Na composición do tribunal garantirase que existan dous vogais que impartan docencia no ámbito de comunicación, un deles de idioma estranxeiro, e outros dous que impartan docencia nos ámbitos científico-tecnolóxico e social.

2. Os membros do tribunal poderán percibir axudas de custo por asistencia e axudas para gastos de locomoción por concorreren ás sesións de avaliación consonte o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

3. O tribunal facilitará aos aspirantes con ámbitos superados unha certificación coas cualificacións obtidas ou de proposta para a expedición do título, utilizando o anexo III desta resolución, e cubrirá a ficha estatística, que se xunta como anexo IV, para enviála á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do próximo 10 de xullo, para a convocatoria de xuño, e antes do 30 de outubro, para a convocatoria de setembro.

4. Logo de rematado o proceso de avaliación, a presidencia do tribunal entregará na secretaría do centro as actas de avaliación e demais documentación relacionada coas probas para a súa tramitación e custodia. A partir dese momento, serán o director ou directora e o secretario ou secretaria do centro quen, á vista dos documentos custodiados, asinen todas as certificacións relacionadas coa realización das probas no ano 2017 e cos seus resultados.

Décimo segunda. *Avaliación, validación de ámbitos e puntuación das probas*

1. O profesorado que compoñe o tribunal realizará a avaliación das probas por ámbitos de coñecemento. Por iso, os dous vogais pertencentes ao ámbito de comunicación repartirán o número de exames de maneira equitativa.



2. As persoas para quen o tribunal determine que non procede a proposta de expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria conservarán para sucesivas convocatorias as cualificacións positivas obtidas no ámbito ou nos ámbitos superados nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

3. De acordo coas especificacións establecidas no anexo II, as persoas aspirantes que acrediten ter superado algún ámbito nas probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria en convocatorias anteriores, algún módulo número catro dos ámbitos de educación secundaria de persoas adultas, algún módulo voluntario dos programas de cualificación profesional inicial ou algún ámbito dos programas de diversificación curricular de cuarto curso quedarán eximidas da realización da proba no ámbito ou ámbitos superados. A cualificación deses ámbitos consignarase nas actas de avaliación das probas nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

4. Quen acredite ter superadas algunhas materias do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou de segundo curso de bacharelato unificado polivalente (establecido na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), de acordo tamén coas especificacións do anexo II, quedará eximido da realización das probas do ámbito ou ámbitos correspondentes. Neste caso, as cualificacións consignaranse co resultado da media aritmética desas materias, a redondada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

5. A cualificación de cada ámbito outorgarase consonte a seguinte escala:

a) Ámbito científico-tecnolóxico.	Puntuación máxima: 55 puntos.
b) Ámbito social.	Puntuación máxima: 25 puntos.
c) Ámbito de comunicación. Lingua Galega e Literatura. Redacción. Cuestións de Lingua Galega e Literatura Lingua Castelá e Literatura. Redacción. Cuestións de Lingua Castelá e Literatura. Lingua Estranxeira.	Puntuación máxima: 20 puntos. Puntuación máxima: 20 puntos. Puntuación máxima: 20 puntos. Puntuación máxima: 20 puntos. Puntuación máxima: 20 puntos. Total máxima puntuación: 100 puntos.



6. Cualificación dos ámbitos:

a) Científico-tecnolóxico.

Puntuación	Cualificación
52 a 55 puntos	Sobresaliente (10)
47 a 51,99 puntos	Sobresaliente (9)
42 a 46,99 puntos	Notable (8)
37 a 41,99 puntos	Notable (7)
32 a 36,99 puntos	Ben (6)
27 a 31,99 puntos	Suficiente (5)
Menos de 27:	
21 a 26,99 puntos	Insuficiente (4)
14 a 20,99 puntos	Insuficiente (3)
7 a 13,99 puntos	Insuficiente (2)
0 a 6,99 puntos	Insuficiente (1)

b) Comunicación.

Puntuación	Cualificación
95 a 100 puntos	Sobresaliente (10)
86 a 94,99 puntos	Sobresaliente (9)
77 a 85,99 puntos	Notable (8)
68 a 76,99 puntos	Notable (7)
59 a 67,99 puntos	Ben (6)
50 a 58,99 puntos	Suficiente (5)
Menos de 50:	
37,5 a 49,99 puntos	Insuficiente (4)
25 a 37,49 puntos	Insuficiente (3)
12,5 a 24,99 puntos	Insuficiente (2)
0 a 12,49 puntos	Insuficiente (1)



c) Social.

Puntuación	Cualificación
23 a 25 puntos	Sobresaliente (10)
21 a 22,99 puntos	Sobresaliente (9)
19 a 20,99 puntos	Notable (8)
17 a 18,99 puntos	Notable (7)
15 a 16,99 puntos	Ben (6)
12 a 14,99 puntos	Suficiente (5)
Menos de 12:	
9 a 11,99 puntos	Insuficiente (4)
6 a 8,99 puntos	Insuficiente (3)
3 a 5,99 puntos	Insuficiente (2)
0 a 2,99 puntos	Insuficiente (1)

7. No caso das persoas exentas da proba de lingua galega, a puntuación máxima que se outorgará ao ámbito de comunicación será esta:

Lingua Castelá e Literatura. Redacción. Cuestións de Lingua Castelá e Literatura. Lingua Estranxeira.	Puntuación máxima: 20 puntos Puntuación máxima: 20 puntos Puntuación máxima: 20 puntos Total máxima puntuación: 60 puntos
--	--

Cualificación do ámbito de comunicación para o alumnado exento de galego:

Puntuación	Cualificación
55 a 60 puntos	Sobresaliente (10)
50 a 54,99 puntos	Sobresaliente (9)
45 a 49,99 puntos	Notable (8)
40 a 44,99 puntos	Notable (7)
35 a 39,99 puntos	Ben (6)
30 a 34,99 puntos	Suficiente (5)
Menos de 30:	
22,5 a 29,99 puntos	Insuficiente (4)
15 a 22,49 puntos	Insuficiente (3)
7,5 a 14,99 puntos	Insuficiente (2)
0 a 7,49 puntos	Insuficiente (1)



8. Cualificación global da proba.

a) Os días 15 de xuño e 13 de setembro no enderezo web <http://www.edu.xunta.es> farase pública a listaxe de cualificacións provisionais de cada unha das convocatorias.

b) Contra a cualificación provisional, poderase presentar reclamación ante a presidencia do tribunal no prazo de cinco días hábiles tras a publicación da listaxe provisional.

c) Transcorrido o prazo de reclamacións, elevarase a definitiva a listaxe de cualificacións que será publicada os días 23 de xuño e 21 de setembro no enderezo web:

<http://www.edu.xunta.es>

d) Contra a listaxe definitiva da proba poderase interpor no prazo dun mes recurso de alzada ante o xefe ou xefa territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que esgotará a vía administrativa.

e) As persoas aspirantes que superen os tres ámbitos da proba serán propostas polo centro para a expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, a través da aplicación de xestión administrativa de centros (XADE).

Disposición derradeira única

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2017

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





XUNTA DE GALICIA

ANEXO I

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDIMENTO INSCRIPCIÓN NAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA PARA PERSOAS MAIORES DE DEZAQOITO ANOS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED540A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

CONVOCATORIA DO MES DE XUÑO SETEMBRO

DATOS DA PERSONA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL DATA DE NACEMENTO SEXO HOME MULLER CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa representante

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (poderá ser cambiado en calquera momento da tramitación do procedemento)

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

LINGUA ESTRANXEIRA ELIXIDA

INGLÉS FRANCÉS

EXENCIÓN DE ÁMBITOS DA PROBA

Solicita a exención da parte / ámbito da proba (marcar cun x o que proceda):

PARTE 1ª: ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO PARTE 2ª: ÁMBITO DE COMUNICACIÓN PARTE 3ª: ÁMBITO SOCIAL

EXENCIÓN DE LINGUA GALEGA

Solicita a exención de lingua galega por proceder doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro, nos termos establecidos polo artigo 18.1 do Decreto 79/2010, de 20 de maio (marcar cun x o que proceda):

SI NON

CVE-DOG: hpnu7np4-8ud8-qj59-tpx4-gypcf37xxg71



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**ANEXO I**
(continuación)**RECOÑECEMENTO DE NECESIDADES ESPECIAIS**Presenta discapacidade que necesita adaptación para a realización das probas: SI NON

Especificar discapacidade e adaptación necesaria:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias ou certificación académica de ámbitos ou materias aprobados.
- Acreditación de proceder doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro.
- Certificación do ditame de discapacidade, cando este fose emitido por unha Administración distinta da Xunta de Galicia.

COMPROBACIÓN DE DATOS**Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.** DNI ou NIE da persoa solicitante.**DENEGO E
PRESENTO O
DOCUMENTO****MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN** Certificado do grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxeefp@edu.xunta.es.


LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 19 de febreiro de 2009, modificada parcialmente pola Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se regula a proba para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoto anos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 27 de xaneiro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoto anos, nas convocatorias de xuño e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Nome do centro

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO II

1. Equivalencias entre ensinanzas ou probas superadas e as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Ámbitos da proba libre dos cales quedará exento o/a aspirante	4º curso de educación secundaria obrigatoria. Aspirante que superou estas materias	4º módulo (nivel II) dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas ou módulos voluntarios de PCPI	4º módulo dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas, currículo LOXSE	2º curso de BUP (Lei 14/1970, do 4 de agosto). Aspirante que superou estas materias
Ámbito de comunicación	Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, primeira ou segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación.	Comunicación.	Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, e Lingua Estranxeira.
Ámbito científico-tecnolóxico	Matemáticas e, polo menos, dúas materias das seguintes: – Tecnoloxía. – Bioloxía e Xeoloxía. – Física e Química.	Científico-tecnolóxico.	Ámbito tecnolóxico-matemático. Ámbito da natureza.	Matemáticas, e Física e Química.
Ámbito social	Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.	Social.	Da sociedade.	Xeografía Humana e Historia.

2. Equivalencias entre as ensinanzas dos programas de diversificación curricular e as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Ámbitos da proba libre dos cales pode quedar exento o/a aspirante	Ámbitos e materias dun programa de diversificación curricular dun ano ou de segundo curso dun programa de diversificación curricular de dous anos
Ámbito da comunicación e ámbito social.	Aspirantes que teñen superado o ámbito lingüístico-social e a materia de Lingua Estranxeira.
Ámbito social.	Aspirantes que teñen superado o ámbito lingüístico-social.
Ámbito científico-tecnolóxico.	Aspirantes que teñen superado o ámbito científico-técnico e a materia de Tecnoloxías.



ANEXO III

Don /Doña.....

Don/Dona

Como secretario/a del tribunal de las pruebas libres para la
Como secretario/a do tribunal das probas libres para a
obtención del título de graduado en educación secundaria obligatoria, celebrada en el
obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, realizada no
centro de
centro de
el día de de 2017.
o día de de 2017.

CERTIFICO QUE, de acuerdo con lo que figura en las actas de estas pruebas,
CERTIFICO QUE, consonte o que figura nas actas destas probas,

Don/Doña.....

Don/Dona

con DNI número..... ha obtenido las siguientes calificaciones:
con DNI número obtivo as seguintes cualificacións:

ÁMBITO DE LA COMUNICACIÓN _____

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓGICO _____

ÁMBITO CIENTÍFICO- TECNOLÓXICO

ÁMBITO SOCIAL _____

ÁMBITO SOCIAL

A la vista de estos resultados, el/la aspirante (ha sido/no ha sido) propuesto para la obtención del
Á vista destes resultados, o/a aspirante (foi/non foi) proposto para a obtención do
título de graduado en educación secundaria.
título de graduado en educación secundaria.

..... de de 2017

Vº Bº. El/la presidente/a (Sello del centro) El/la secretario/a
Vº e praxe O/a presidente/a (Selo do centro) O/a secretario/a

Fdo. Fdo.
Asdo. Asdo.



ANEXO IV

Probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaioito anos

FICHA DE ESTATÍSTICA Centro: Localidade Provincia

Data de realización da proba: de de 2017.

Número total de aspirantes inscritos/as

Número total de aspirantes presentados/as

Número total de aspirantes propostos/as para título

1. Número total de aspirantes presentados/as, segundo idade e sexo.

Anos	Ata 19	20 a 25	26 a 30	31 a 35	36 a 44	45 a 54	55 a 64	Máis de 64
Homes								
Mulleres								
Total								

2. Persoas con necesidades educativas especiais, segundo idade e sexo.

Anos	Ata 19	20 a 25	26 a 30	31 a 35	36 a 44	45 a 54	55 a 64	Máis de 64
Homes								
Mulleres								
Total								

3. Número total de aspirantes presentados/as que se propoñen para a obtención do título de graduado en educación secundaria.

Anos	Ata 19	20 a 25	26 a 30	31 a 35	36 a 44	45 a 54	55 a 64	Máis de 64
Homes								
Mulleres								
Total								

Asdo.: _____

